



PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO IES TERRA DE SONEIRA VIMIANZO

ACTUALIZACIÓN 2019-2020

1. Introducción
2. Análise do Contexto. Onde Estamos?
 - 2.1 Nome do Centro
 - 2.2 Situación xeográfica
 - 2.3 Breve historia do Centro
3. Principios de Identidade. Quen somos?
 - 3.1 Persoal Docente
 - 3.2 Persoal non Docente
 - 3.3 Alumnado e Familias
 - 3.3.1 Caracterización socioeconómica
 - 3.3.2 Caracterización sociocultural
 - 3.3.3 Caracterización sociolingüística
4. Obxectivos xerais que hai que conseguir. Que queremos?
 - 4.1 Competencias Básicas
 - 4.2 Obxectivos Xerais
 - 4.3 A convivencia no Centro
 - 4.4 Obxectivos do ámbito pedagóxico
 - 4.5 Criterios de Avaliación e Promoción
5. Como nos imos organizar para conseguilo?
 - 5.1 Metodoloxía. Estratexias básicas
 - 5.2 Reparto de responsabilidades e mecanismos de control
 - 5.3 Outros servizos escolares complementarios
 - 5.4 Estructuras Orgánicas
 - 5.5 Relación do Centro co entorno

1. Introducción

A través do P.E.C., intentarase regular a práctica educativa, dende como nos autodefinimos a cal é noso lugar ou posición no ámbito que nos rodea, pasando polo modelo educativo que seguimos.

É unha verdadeira declaración de intencións que dita a personalidade do centro e o tipo de cidadáns e cidadás que da cordo con os nosos trazos de identidade, queremos formar.

Escolleremos un modelo coeducativo neste documento de planificación, polo que teremos en conta no noso documento a variable xénero na análise do contexto, declaración dos principios de identidade, concepción pedagóxica e o modelo organizativo-estrutural.

É un documento participativo e será un canle para que as/os docentes, as/os alumno e as familias poidan facer chegar a súas suxestións e propostas.

Precisaremos da cooperación, colaboración e responsabilidade de todo o profesorado para definir e alcanzar obxectivos comúns, e a igualdade efectiva na educación será un obxectivo, de presente e futuro; a igualdade como un eixe vertebrador da organización e o funcionamento do centro.

Se a igualdade é unha das metas a acadar, a coeducación é o camiño.

Como documento programático, o noso P.E.C, deberá determinar a identidade do centro, recollerá os valores, establecerá os obxectivos e prioridades do centro e da comunidade educativa, de acordo co contexto socioeconómico e cos principios e obxectivos recollidos na LOE e na normativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

No presente documento, podemos distinguir dúas partes claramente diferenciadas. Nunha primeira, vanse a desenvolver cuestións relacionadas co contexto educativo e cos sinais de identidade que conforman a contorna do centro. Estes apartados son:

- Tipo de centro: características e contorna
- Comunidade educativa: alumnado, persoal docente e non docente
- Espazos e recursos materiais
- Actividades complementarias e Extraescolares
- Oferta de materias optativas

Na segunda parte, trataranse aspectos relacionados coa metodoloxía didáctica:

- Liñas xerais de actuación pedagóxica
- Adecuación dos obxectivos xerais ao contexto do centro e ás características, necesidades e diversidade do alumnado
- Metodoloxía didáctica
- Tratamento transversal da Educación en Valores
- Modelo de educación integral
- Plan de Avaliación
- Plan de Atención á Diversidade
- Plan de Orientación e Acción Titorial
- Plan de Convivencia
- Plan de Formación do Profesorado
- Procedementos de Avaliación Interna
- Concreción dos contidos curriculares.

2. Análise do Contexto. Onde estamos?

2.1 Situación xeográfica

O IES Terra de Soneira atópase no Concello de Vimianzo, (A Coruña), é un concello de pouco máis de 8.000 habitantes, dos cales, 3.925 son homes e 4.114 son mulleres, segundo datos do Padrón Municipal do I.N.E.

O centro, adoita o nome da bisbarra da Terra de Soneira, onde se atopa o propio centro e a localidade de Vimianzo. O Concello limita cos concellos de Muxía, Zas, Laxe, Camariñas, Dumbría e Mazaricos.

Somos o único centro de secundaria obrigatoria (ESO) e postobrigatoria (Bacharelato) do Concello, e a el, acode o alumnado de Primaria, procedente de dous CEIPs adscritos, o CEIP San Vicenzo e o CEIP Baíñas. Tamén acode alumnado do IES Pedra da Aguia de Camariñas para cursar Bacharelato.

Ademais ofertamos o Ciclo de Grao Medio de Xestión Administrativa e o Superior de Administración e Finanzas.

2.3 Breve Historia do Centro

O IES Terra de Soneira arrancou a súa andaina no curso 1983-84 e foi concibido para impartir a Formación Profesional de 1º grao nas ramas *Administrativa* e *Electricidade*.

No curso 1988-89, implantouse *BUP* como unha extensión do IB de Carballo. Deste xeito ao ano seguinte o centro transfórmase nun IESP.

Conseguíuse a primeira ampliación do centro no curso 1990-91, contando cun novo edificio separado do anterior e no curso seguinte implántase a rama de Formación Profesional de 2º grao *Administrativa*.

No 98-99 comezamos a impartir o segundo ciclo da *ESO* mentras que o primeiro ciclo seguíalle correspondendo aos centros adscritos da zona.

Para o curso 1999-2000 rematouse unha terceira ampliación, xusto o ano no que comezou a impartirse no centro toda a *ESO*. Ademais, implantamos un PGS de *Instalacións Eléctricas de Baixa Tensión* así como o *Ciclo Superior de Administración e Finanzas*.

No curso 2000-2001 puxemos en marcha o *Ciclo Medio de Equipos e Instalacións Electrotécnicas* e o de *Xestión Administrativa*. Por outra banda, extinguíronse as antigas ensinanzas de *BUP* e comezouse a impartir o primeiro curso de Bacharelato nas modalidades de *Humanidades e Ciencias Sociais* e de *Ciencias da Natureza e da Saúde*.

No ano 2011 extinguíuse o *Ciclo Medio de Equipos e Instalacións Electrotécnicas*.

3. Principios de Identidade. Quen somos?

3-1 Persoal Docente: Profesorado

Historicamente, unha boa parte dos membros do Claustro non teñen destino definitivo, ou ben unha expectativa de permanencia breve. Hoxe en día, a mellora nas comunicacións (autoestrada Coruña- Baio), permite ao profesorado viaxar dende Santiago e A Coruña, principalmente, en condicións de seguridade e ademais, nun tempo razoable, o que favorece a permanencia e estabilidade no centro, dos docentes.

No presente curso académico 2019-2020, o **claustro** está formado por un total de 17 profesores e 26 profesoras (43 docentes) e o número de docentes con praza fixa, supera o 50%, o que permite unha planificación a curto prazo e unha continuidade que antes non era posible. Desta

maneira, estase levando a cabo diferentes actividades de formación do profesorado no Centro, aproveitando a circunstancia que no centro, atópase a sede do CEFORE da contorna de Soneira, e desenvolvendo actividades relacionadas coa implantación dos novos estudos, como a creación de diferentes grupos de traballo.

3-2 Persoal non docente

Está composto por dous bedeis, unha administrativa e tres limpadoras, homes e mulleres da contorna.

3-3 Alumnado e familias

Números de alumnos e alumnas que acode ao centro:

- ESO: 162
- Bacharelato: 88
- Ciclos: 44

3-3-1 Caracterización socioeconómica.

En liñas xerais, o noso alumnado presenta un perfil socioeconómico medio-baixo. A contorna socioeconómica na que se desenvolve o alumnado que asiste ao centro é maioritariamente rural, sendo a agricultura e a gandería a principal fonte de recursos no sector primario. No que se refire ao sector secundario, o enramado industrial non é relevante aínda que destacan empresas dedicadas á carpintería e ao PVC.

Salientamos neste apartado o alumnado que chega ao noso centro, procedente de Suíza, tradicionalmente, lugar de emigración da comarca de Soneria. Este emigrantes acostuman a enviar aos seus fillos de volta a Galicia nos últimos anos na Educación Primaria ou para iniciar a Secundaria.

A maioría dos pais e nais dedícanse a actividades relacionadas co sector terciario e a profesións que seguen os estereotipos de xénero tradicionais como é albaneis, electricistas, pintores, carpinteiros.... homes, na gandería e a agricultura, as mulleres traballan en condicións de igualdade cos homes.

A porcentaxe de nais traballadoras, empregadas en pequenas empresas familiares (panaderías, pequeno comercio...) é pequena.

No sector hostaleiro atopamos a homes e mulleres no mesmo porcentaxe de emprego, aínda que a taxa por desemprego é bastante maior nas mulleres que nos homes en toda a bisbarra. Tamén é salientable o feito que algún membro das familias traballe fóra por mor da emigración. Respecto ó equipamento do domicilio familiar, este incorpora os avances tecnolóxicos básicos como pode ser o coche, lavadora, teléfono, televisión, móbiles, computadores, internet....

3-3-2 Caracterización Sociocultural.

A maioría dos pais e das nais, non posúen estudos medios ou superiores e o traballo intelectual non parece ser valorado por si mesmo. Atopamos familias moi preocupadas pola formación dos seus conxéneres que buscan un futuro mellor para eles/as. Atopamos pais e nais moi novos, que non tiveron a oportunidade de medrar na súa formación intelectual e laboral.

Cabe salientar que en máis da metade dos fogares, non se le nunca o só de vez en cando o xornal, así como que na metade dos fogares, hai un número inferior a 30 libros.

Valoramos positivamente o feito de que no 30% das familias fomentan as actividades tradicionais (encaixe, folclore....)

3-3-3 Caracterización Socio-lingüística.

O noso alumando é maioritariamente galego falante.

O medio familiar e local no que se desenvolve o alumnado é galego falante. Fora das clases, a maioría emprega o galego habitualmente de forma oral, aínda que na escrita, adoitan empregar o castelán.

Na escola, tamén hai moita diferenza entre o nivel do uso oral e escrito; entre o alumnado a lingua predominante é o galego, dirixíndose ó profesorado fundamentalmente nesta lingua.

A utilización do galego na escrita é inferior a do castelán, incluso en rapaces/as unicamente galegofalantes.

O alumando procedente do Cantón Francés en Suíza, conserva a lingua materna na fala, presentando un bilingüismo francés-galego.

4. Obxectivos xerais que hai que conseguir. Que queremos?

Nos últimos anos, o traballo nos centros e nas aulas coas Competencias Básicas foi progresando. Este feito viuse favorecido polas iniciativas PISA (Programme for International Student Assessment) (Programa para a Avaliación Internacional do Alumnado) e o proxecto DeSeCo (Definición e Selección de Competencias)

O Programa PISA ten como obxectivo avaliar os coñecementos e as destrezas adquiridos polos estudantes en áreas como Matemáticas, Lectura, Ciencias e Resolución de Problemas.

O Proxecto DeSeCo, busca definir e seleccionar as competencias que se consideran esenciais para a vida das persoas e para o bo funcionamento da sociedade. Así, este informe do ano 2002, define as competencias como “A capacidade de responder a demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas de forma axeitada”. Estas competencias, ademais, son básicas ou clave “cando resultan valiosas para a totalidade da poboación, independentemente do sexo, da condición social e cultural e da contorna familiar”.

Por outro lado, os decretos que establecen a ordenación e as ensinanzas correspondentes á Educación Secundaria Obrigatoria, achegan esta definición de competencias básicas: “O conxunto de destrezas, coñecementos e actitudes axeitadas ao contexto que todo o alumnado que cursa esta etapa educativa debe alcanzar para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a integración social e o emprego”

As competencias teñen tres compoñentes: un saber (un contido), un saber facer (un procedemento, unha habilidade, unha destreza...) e un saber ser ou saber estar (unha actitude determinada). Estas competencias, teñen que desenvolverse ao rematar a ensinanza obrigatoria e servir para unha aprendizaxe ao longo da vida.

As competencias deben, polo tanto, estar presentes e incorporadas con currículos, posto que perseguen como finalidades:

- Integrar as diferentes aprendizaxes
- Poñer esas aprendizaxes en relación con distintos tipos de contidos e utilizalas de xeito efectivo cando lles resulte necesarias.
- Orientar o ensino, ao permitir identificar os contidos e os criterios de avaliación que teñen carácter imprescindible.
- Inspirar as distintas decisións relativas ao proceso de ensino e de aprendizaxe.

4-1 Competencias Básicas

Nos últimos anos, definíronse oito dominios de competencias básicas que se consideran necesarios para todas as persoas na sociedade do coñecemento e que se deben traballar en todas as materias do currículo:

Competencia en comunicación lingüística	Refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita.
Competencia matemática	Consiste na habilidade para utilizar e relacionar os instrumentos, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de razoamento matemático.
Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico	É a habilidade para interactuar co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais coma nos xerados pola acción humana. Tamén se relaciona co uso do método científico.
Tratamento da información e competencia dixital	Comprende as habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e a utilización das novas tecnoloxías para este labor.
Competencia social e cidadá	Fai posible comprender a realidade social en que se vive, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural e igualitaria, así como participar na súa mellora.
Competencia cultural e artística	Supón comprender, apreciar e valorar criticamente, diferentes manifestacións culturais e artísticas.
Competencia para aprender a aprender	Implica dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo cos propios obxectivos e necesidades.
Autonomía e iniciativa persoal	Supón ser capaz de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico.

4-2 Obxectivos xerais

Co emprego das competencias básicas, preténdese que o alumnado estea preparado e sexa capaz de:

- Superar o illamento derivado da situación xeográfica e conseguir unha apertura cara a outras realidades.
- Aprender a respectar a pluralidade lingüística e cultural no mundo. Evitar a valoración das linguas e as culturas, unicamente por criterios tales como o número de falantes, o poder económico e político asociados, etc.

- c) Asegurar a igualdade efectiva na educación como eixe vertebrador da organización e funcionamento do Centro.
- d) Conseguir que as relacións na comunidade educativa (co entorno, entre as persoas, coas familias, co medio xeral...), estean baseadas no respecto e na convicción de estar gozando dun servizo público do que todos e todas somos responsables.
- e) Fomentar a implicación e participación de todos os sectores da comunidade educativa na xestión, desenvolvemento de actividades e funcionamento do Centro.
- f) Superar a baixa autoestima e a falta de motivación do alumnado, presentando ao Centro como un medio para mellorar a súa calidade de vida.
- g) Superar os estereotipos sexistas e promover a igualdade de oportunidades.
- h) Carácter aconfesional como Centro público que é.
- i) Facilitar unha formación que lles permita incorporarse a unha sociedade de dereito.
- j) Propiciar o bo uso das TIC, como unha ferramenta útil para a obtención de información, seleccionando a relevante e importante daquela, que non aporta utilidade.

4-3 A convivencia no Centro

A Educación e a Convivencia no Centro, desenvolverase no marco da tolerancia e respecto á liberdade do individuo/a, a súa personalidade e conviccións, desterrando toda discriminación por razóns de sexo, cultura, ideoloxía, relixión, nivel económico....

A regulación das normas de convivencia está no Regulamento de Réxime Interno, pero como obxectivos prioritarios queremos destacar:

- a) Concienciar a todos os membros da comunidade educativa de cales son os seus dereitos e os seus deberes, e dos beneficios que todos/as obtemos do cumprimento dos mesmos.
- b) Conseguir o respecto polos espazos públicos e a súa consideración como patrimonio común
- c) Facer ó alumnado consciente da frecuencia con que exerce unha violencia verbal que non se pode permitir no seu nivel educativo. Conseguir que manexe os suficientes rexistros (en canto a linguaxe e conduta) para diferenciar o ámbito coloquial, o académico, o familiar, o profesional...

4-4 Obxectivos do ámbito pedagóxico

- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas que aseguren a funcionalidade do aprendido, prestando especial atención á competencia “aprender a aprender”

- Desenvolver a capacidade de interrelación entre as distintas materias e de aplicación a outras áreas dos coñecementos adquiridos.
- Dominar a comprensión audiovisual, oral e escrita, especialmente no que se refire a :
 - Claridade, precisión e coherencia na expresión.
 - Lectura comprensiva e crítica
 - Ortografía e á presentación adecuada de traballos e exames.
- Adquirir hábitos de traballo intelectual.
- Desenvolver a capacidade de observación e procura da información.
- Apreciar os coñecementos escolares como útiles.
- Desenvolver o razoamento e o espírito crítico.

Todos os Departamentos serán co-responsables na procura destes obxectivos, independentemente das súas materias específicas.

4-5- Criterios de Avaliación e Promoción

Serán fixados polos departamentos didácticos, tercer nivel de concreción curricular, nas súas programacións didácticas.

Na ESO, as decisións son tomadas de forma colexiada polo equipo de profesores/as coordinados polo titor/a e asesorados polo Departamento de Orientación, unha vez escoitados os demais profesores/as e sopesado a madurez académica xeral do alumno/a.

O Centro intentará superar o fracaso escolar con tódolos medios ó seu alcance a través da Diversificación, das Adaptacións Curriculares Significativas, Adaptacións Curriculares Individuais, e cos PMAR (Programas de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento).

5. Como nos imos organizar para conseguilo?

O modelo organizativo estrutural que se intenta levar a cabo no Centro, recolle:

- Estratexias básicas: Metodoloxía
- Reparto de responsabilidades e mecanismos de control
- Outros servizos complementarios:
 - Actividades extraescolares
 - Biblioteca
 - Uso do material deportivo
- Infraestruturas orgánicas:
 - Formas de participación na comunidade escolar
 - Formas de organización da función docente
 - Funcións administrativas e xestión económica
- Relación do Centro co entorno.

5-1- Metodoloxía: Estratexias básicas.

As programacións no serán un mero trámite burocrático, senón os instrumentos básicos para a planificación docente. Nestes documentos, os Departamentos especificarán os obxectivos, contidos e actividades das distintas áreas, así como as opcións metodolóxicas concretas. Como criterio xeral, intentarase conseguir aprendizaxes significativas para asegurar que os coñecementos adquiridos na aula podan ser utilizados nas circunstancias que rodean ó alumnado cando este o precise. As condicións que deben respectarse son as seguintes:

- O contido ten que ser potencialmente significativo, tanto dende o punto de vista da estrutura lóxica da disciplina como dende o punto de vista da estrutura psicolóxica do alumnado.
- O proceso de ensinanza-aprendizaxe debe conectar coas necesidades profundas, a experiencia e a vida cotiá do alumnado.
- O alumnado debe ter unha actitude favorable para aprender de maneira significativa. Ha de estar motivado, espertar o seu interese, curiosidade e gusto pola observación.

5-2 Reparto de responsabilidades e mecanismos de control.

Os deberes dos distintos membros da comunidade educativa están recollidos nas NOF e no Plan de Convivencia.

Cando educamos, non só lle transmitimos ao noso alumnado coñecementos. Ensinámolo a comportarse e a respectar as demais persoas. Un modelo de educación integral non pode perder de vista a importancia de formar cidadáns e cidadás que saiban convivir e manter relacións baseadas na igualdade

As NOF han de reflectir a filosofía coeducadora e a atención ao principio de igualdade que tratamos de desenvolver no PEC.

Todos os membros da Comunidade Educativa teñen a obriga de colaborar no bo funcionamento do Centro e polo tanto, deben esixir ós demais que asuman as súas responsabilidades.

A Dirección do Centro e a Inspección Educativa son os responsables últimos de calquera irregularidade cometida e en consecuencia, tamén son os que deben iniciar os trámites necesarios para solucionala.

5-3 Outros servizos escolares complementarios

As actividades serán organizadas polo Departamento Didáctico correspondente e coordinadas polo Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares do Centro, atendendo ás propostas de tódolos membros da comunidade educativa, e teñen que ser aprobadas polo Consello Escolar. Estas actividades débense expoñer no Plan Xeral Anual ó comezo de curso, aínda que se poden ir engadindo ó longo do mesmo, e teñen que figurar todas elas na Memoria Final.

Dada a escaseza de actividades culturais e recreativas na zona (cine, teatro, auditorio....) o Centro terá que asumir un papel dinamizador neste ámbito, comezando por aumentar a motivación do alumando para participar nas mesmas.

A Biblioteca

Tódolos membros da comunidade educativa poden facer uso da Biblioteca co Centro. Na mesma hai libros que son de consulta (enciclopedias, dicionarios, libros de divulgación, de texto...) polo que non se prestan. Tamén hai libros de lectura e unha boa filmoteca para emprestar por un período dunha semana.

Periodicamente, faise unha lista de morosos para axilizar as devolucións.

A Biblioteca é o espazo onde se reúne semanalmente o Club de Lectura.

O servizo de préstamos está informatizado (Meiga), aínda que se mantén como medida adicional de control, o sistema de fichas.

As normas de funcionamento, están permanentemente expostas na Biblioteca.

Uso do Material Deportivo

Haberá no Centro material deportivo non dependente do Departamento de Educación Física, para o uso do alumnado que o requira no recreo.

Para recoller este material, teñen que pedirlo ao bedel, deixando o seu carné, que se lle devolverá cando entregue o material prestado.

5-4 Estructuras Orgánicas.

Formas de participación na comunidade educativa

Tódolos membros da comunidade escolar poden participar na vida do seguinte xeito:

- Os/as docentes nos Claustros e Consellos por medio dos seus representantes, nas reunións de Departamento, na Comisión de Coordinación Pedagóxica por medio do seu representante que é a/o Xefa/e de Departamento, nas reunións de avaliación, nas reunións das actividades de formación como son as de revisión de documentos básicos do Centro.
- O alumnado nos Consellos Escolares por medio dos seus representantes, e por medio dos delegados/as do seu grupo nas xuntanzas de delegados/as, coas asociacións de alumnos/as e nas titorías.
- Os pais e nais do alumnado, no Consello Escolar, a través dos seus representantes e do representante no Consello elixido pola ANPA, con as Asociacións que teñan relación co Centro, cos titores dos grupos e co profesorado de cada materia, previa cita concretada a través do titor/a. Tamén coa Dirección se é necesario.
- O Persoal non docente, por medio do seu representante no Consello Escolar.
- O Concello, por medio do seu representante no Consello Escolar.

Funcións Administrativas e xestión económica

As primeiras lévaas a cabo o persoal administrativo do Centro, supervisado pola/o Secretaria/o que é a/o encargada/o de ordenar o réxime administrativo do Centro, de conformidade coas directrices do/a Director/a.

En canto á xestión económica é tamén a/o secretaria/o a/o encargada/o de ordenar o réxime económico do IES, de conformidade coas directrices do Director, realizar a contabilidade e render contas ante o Consello Escolar, e as autoridades correspondentes, e presentar o anteproxecto do orzamento coas directrices do Consello Escolar e oída e Comisión Económica.

5-5- Relación do Centro co entorno

Co Concello a través de actividades culturais e deportivas xestionadas polo Departamento de Orientación e a Vicedirección do Centro

Cos Asistentes Sociais, para xestionar problemas socioeconómicos e familiares do alumnado, se fose necesario.

Proxectos: “Voz Natura”, Amigos da Casa das Ciencias, Correlingua, Deporte na Escola.....

Equipos de Normalización Lingüística da “Costa da Morte”, certame literario, proxectos comúns.....

Coas Empresas da Contorna a través das prácticas que realizan os estudantes dos Ciclos de Formación Profesional e a súa colaboración na inserción laboral do alumnado.